

Proposta de adxudicación da contratación das obras de acondicionamento de locais para oficinas e mellora da accesibilidade do edificio do Parlamento de Galicia.

Con data de 28 de outubro de 2013 a Mesa do Parlamento acordou iniciar o procedemento e a apertura da fase de adxudicación da contratación das obras de acondicionamento de locais para oficinas e mellora da accesibilidade do edificio do Parlamento de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade e por un valor estimado de 200.000,00 €.

Con data de 31 de outubro de 2013 remitiuse invitación ás seguintes empresas:

- Construcciones Canosa, s.l.
- Servinor, s.l.
- AFC construcciones y servicios

Dentro do prazo indicado na invitación remitida, presentaron a súa proposición as seguintes empresas:

- Construcciones Canosa, s.l. (rex. Nº 15392)
- Servinor, s.l. (rex. Nº 15376)
- AFC construcciones y servicios (rex. Nº 15322)

Da análise da documentación presentada polas empresas nos sobres B e C, e segundo informe do xefe do Servizo de Réxime Interior, resulta a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas		Puntuación Total
		Prezo	Prazo	
Servicios Integrales del Noroeste, s.l.	49	40	11	100
Construcciones Canosa, s.l.	22	20	10	52
Antonio Framiñan Construcciones, s.l.	43	0	0	43

En consecuencia a orde de clasificación das ofertas presentadas en función da puntuación total obtida polas entidades concorrentes en base aos criterios de adxudicación da cláusula décima do prego de cláusulas administrativas é a seguinte:

- 1º. Servicios integrales del noroeste, s.l.
- 2º. Construcciones Canosa, s.l.
- 3º. Antonio Framiñán construcciones, s.l.

Con data de 3 de decembro de 2013 a Mesa do Parlamento adoptou o acordo de requirir á empresa Servicios Integrales del Noroeste, s.l. para que presentara, no prazo de dez días hábiles desde a notificación de dito Acordo, a documentación esixida na base décimo primeira, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

O Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa Servicios Integrales del Noroeste, s.l. o de 5 decembro de 2013.

O 13 de decembro de 2013 a empresa Servicios Integrales del Noroeste, s.l. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 16545), incluíndo a constitución de garantía definitiva por importe de 9.500,00 € mediante o aval bancario nº 0049-0007-25-2110000444 outorgado pola entidade Banco Santander.


En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato administrativo das obras de acondicionamento de locais para oficinas e mellora da accesibilidade do edificio do Parlamento de Galicia, á empresa Servicios Integrales del Noroeste, s.l., polo seguinte importe:

- Prezo (sen IVE): **190.000,00 €**
- 21% IVE: **39.900,00 €**
- Total: **229.900,00 €**

Santiago de Compostela 13 de decembro de 2013.



Vº e prace
O Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez



Javier Freire González
Xefe do Servizo de Réxime Interior

